- Método de escalas Vol 2 Mayores intervalos B. Slokar



- 12 Fantasía XII G.P. Teleman
- Études Variées Vol. 5 (7-8) J. Naulais
- 34 Etudes (8-10) F. Vobaron
- Melodious Etudes (26-28) M. BORDOGNI
- Estudo dos extractos orquestais: Pinos de Roma de O. Respighi. Metamorfosis de P. Hindemith.
- Estudo e interpretación dunha obra a escoller entre as do curso.

#### 14.7 Adaptación en caso de docencia non presencial

Debido á crise sanitaria provocada polo COVID-19 cabe a posibilidade de que nalgún momento do curso a clase teña que ser non presencial si así o ditaminan as autoridades sanitarias e educativas. Neste caso os medios a empregar para o seguimento das clases serán gravacións do alumnado ou ben clases en rede cas plataformas e medios técnicos que permitan as autoridades educativas.

Dadas as características da ensinanza dos instrumentos de vento metal e a experiencia obtida durante o confinamento no terceiro trimestre do curso 19-20, os obxectivos, contidos e criterios de avaliación non variarán respecto á docencia presencial. As audicións en público pasan a ser on line co profesor ou gravacións do alumnado. Estas gravacións serán sen cortes si son de un só movemento, ou podendo ter cortes entre os diferentes movementos de ser o caso.

Sí se modifican os criterios de cualificación quedando como segue:

20%- Estudo individual e interpretación correcta das obras programadas

30%- Estudo individual e interpretación correcta dos estudos programados

20%- Actitude e compromiso fronte á materia.

30%- Técnica (posición corporal, control do rexistro agudo, flexibilidade, control da columna de aire, ... )





No caso de que nun trimestre se den clases presenciais e non presenciais, a cualificación será ponderada segundo o número de clases habidas en cada modalidade.

## 15. Curso: 6º GRAO PROFESIONAL

---

### 15.1 Obxectivos

Empregar de forma correcta e permanente a respiración e relaxación á hora da práctica instrumental.

Mostrar control sobre a embocadura evitando vicios e colocando a boquilla correctamente.

Dominar a emisión.

Utilizar un volume de aire axeitado á hora de tocar aplicando os conceptos de continuidade de aire e igualdade sonora en todo o rexistro.

Mostrar un son de calidade.

Dominar suficientemente os requerimentos de linguaxe musical para este nivel (medidas, clave de Do, compases,...)

Controlar o pulso e favorecer unha fluidez interpretativa acorde co nivel.

Mostrar un uso correcto da afinación en todo o rexistro.

Dominar os dous tipos de legato, os signos coñecidos ( >, ·, – ), o dobre picado e mellorar o triplo picado e os trinos de beizo.

Mostrar unha correcta coordinación entre vara-lingua.

Dominar o rexistro ata o Do# 4 e as notas pedais.

Desenvolver a memoria musical.

Desenvolver a lectura a primeira vista.

Ampliar as dinámicas e agónicas segundo os requerimentos do curso e consolidar o fraseo e a interpretación.

Dominar as escalas e tonalidades ata sete alteracións.





Desenvolver o programa establecido para cada curso en canto a leccións e exercicios propostos.

Interpretar ante público con autocontrol participando ao menos en dúas audicións das organizadas e abarcando obras de diferentes estilos.

## 15.2 Contidos

Realización de exercicios de inspiración-expiración. Práctica da relaxación á hora de tocar. Nocións sobre a embocadura. Exercicios de emisión. Conceptos sobre o volume e a continuidade do aire. Estudo do son. Reforzo dos requerimentos do linguaxe musical para o nivel. Traballo do pulso e da fluidez interpretativa a través do metrónomo. Estudo da afinación. Práctica das articulacións: picado, legato, signos, dobre picado, triplo picado e trinos de beizo. Traballo da coordinación. Estudo do rexistro. Desenvolvemento da memoria musical. Práctica da lectura a primeira vista. Traballo das dinámicas, agónicas, fraseo e interpretación. Práctica das escalas e tonalidades ata sete alteracións. Seguimento do programa de leccións e exercicios establecido. Interpretación ante público ao menos en dúas audicións.

## 15.3 Avaliación

Para proceder á avaliación do alumnado o profesor contará co caderno de clase e a observación diaria da evolución.

A avaliación terá un carácter eminentemente formativo co fin de detectar as dificultades no instante en que se produzan e ofrecer medidas de reforzo en calquera momento do curso. Utilizaranse pois procedementos e ferramentas variados que permitirán valorar o que se quere medir en cada caso, e que serán determinados polo propio profesor/a en función da adecuación cos obxectivos e os contidos que pretenda avaliar.

Dita avaliación será en todo caso obxectiva, tendo en conta a dificultade de avaliar unha disciplina artística, transparente, xa que se aplicarán os criterios de avaliación e cualificación contidos nesta programación didáctica, e accesible, dado que alumnado e







familias disporán de toda a información relacionada coa súa avaliación ao longo de todo o proceso de ensinanza – aprendizaxe.

### Criterios de avaliación

- Controlar a técnica respiratoria, embocadura, emisión e afinación.
- Dominar as escalas co diferentes articulacións, controlando a emisión e a afinación.
- Interpretar os textos musicais cunha medida, fraseo, articulación e afinación correctos.
- Interpretar un estudio ou un movemento dunha obra de memoria.
- Mostrar ó longo do curso a capacidade de aprendizaxe, adicación, esforzo e interese necesarios para o estudo do instrumento.

### Mínimos esixibles

<b>1º trimestre</b>
Completar o programa de leccións proposta ao menos ata o 50%
Interpretación de memoria dun estudo, obra ou movemento dunha peza en cada trimestre
Demostrar boa actitude e responsabilidade fronte á materia.
Mellorar a técnica respiratoria, a embocadura, a emisión, a través do traballo programado para o trimestre
<b>2º trimestre</b>
Completar o programa de leccións proposta ao menos ata o 50%
Interpretación de memoria dun estudo, obra ou movemento dunha peza en cada trimestre
Demostrar boa actitude e responsabilidade fronte á materia.
Mellorar a técnica respiratoria, a embocadura, a emisión, a través do traballo programado para o trimestre
Participar dentro do trimestre nunha audición interpretando sempre obras do nivel.
<b>3º trimestre</b>
Interpretar un recital fin de curso cun mínimo de tres obras de diferentes estilos e de dificultade acorde ao curso.
Interpretación de memoria dun estudo, obra ou movemento dunha peza no recital.
Demostrar boa actitude e responsabilidade fronte á materia.
Mellorar a técnica respiratoria, a embocadura, a emisión, a través do traballo programado para o trimestre





## Procedementos e ferramentas de avaliación

- **Avaliación inicial ou de diagnóstico:** efectuarase unha avaliación inicial ó alumno/a ó comezo do curso co obxectivo de detectar as carencias e necesidades do alumnado. Procederase, en caso necesario, á incorporación na programación das aprendizaxes non adquiridas durante o curso anterior debido ó confinamento provocado polo COVID-19.
- **Avaliación continua** ou de progreso: efectuarase durante o curso en coordinación cos demais profesores do alumno/a, a través da observación constante da súa evolución e os exames e audicións correspondentes a cada trimestre.
- **Avaliacións de aproveitamento** e certificación de nivel: efectuaranse cada trimestre tendo en conta o proceso de avaliación continua, realizando tamén unha avaliación final observando o grao de evolución desenvolto polo alumno dende a avaliación inicial.
- Actividades de **auto avaliación** do alumnado: mediante o proceso de preparación e realización de audicións cada trimestre, o alumnado poderá comprobar a eficacia do traballo realizado.
- Actividades de **recuperación** e reforzo: desenvolveranse no transcurso das clases do segundo e terceiro trimestre, atendendo ás necesidades específicas de cada alumno/a.

Aínda cando as audicións se consideren o punto culminante onde observar o desenvolvemento acadado polo alumno/a, a **avaliación continua** é a mais importante. É imprescindible para observar a constante evolución no alumno/a, así como para atender as súas posibles necesidades específicas ó longo de todo o curso.

Razóns pola que se require a súa asistencia regular ás clases e ás actividades programadas.

O profesor/a valerase das seguintes ferramentas para a avaliación do alumnado:

- Observación directa e seguimento de cada unha das sesións de clase.
- Seguimento do grao de estudo do repertorio na casa.
- Grao de participación e actitude en cada concerto e/ou audición.





- Probas puntuais de nivel, individuais ou en grupo, de calquera fragmento do repertorio a petición do profesor, se fose necesario.

Dada a importancia que a observación directa por parte do profesor ten nas ferramentas e procedementos de avaliación, o profesor/a levará conta destes aspectos por escrito nun rexistro ou diario de clase do que será responsable el mesmo co fin de dar trazabilidade, transparencia e accesibilidade en todo momento á avaliación do alumnado.

### Criterios de cualificación

- Neste curso a cualificación final será a resultante da nota da audición final (40%) e a media do curso completo (60%).

- **Os criterios de cualificación dos trimestres 1º, 2º e 3º son:**

Os criterios de cualificación a seguir no presente curso serán os seguintes:

**Técnicos:** 40%. Técnica, respiración, embocadura, hixiene postural ...

**Estéticos:** 40%. Interpretación, estilo, fraseo, coherencia estilística...

**Actitudinais:** 20%. Actitude e compromiso fronte á materia.

- **Os criterios de cualificación da audición final** son os seguintes e a sua consecución medirase a través dunha rúbrica de avaliación:

15%- Respiración

15%- Son

15%- Afinación

15%- Expresión e estilo

15%- Articulación

10%- Precisión rítmica

10%- Memoria





5%- Postura y presencia escénica.

Debido á crise sanitaria provocada polo COVID-19 si a audición non é posible realizala no centro, realizarase a través de gravacións das obras programadas.

## 15.4 Medidas de recuperación

Dado o carácter continuo da formación instrumental, o/a alumno/a deberá acadar o nivel do curso a recuperar antes de abordar o repertorio do curso seguinte. Non obstante, dado que o programa de cada curso é flexible, poderíase intercalar obras e exercicios de ambos cursos, sempre tendo en conta o criterio do/a profesor/a, sendo aconsellable que o/a alumno/a asista as clases colectivas do curso que debe recuperar.

### Procedementos de recuperación ordinarios

Para os alumnos que suspendan algunha das avaliacións parciais do presente curso, realizarase un plan de traballo específico, baseado na programación didáctica da materia, que pode constar de novas actividades de reforzo e de avaliación nos aspectos que precisen de mellora. Dadas as peculiaridades da aprendizaxe instrumental, o feito de centrarnos en maior medida nos aspectos non superados en trimestres anteriores non ten por que supor unha desviación dos obxectivos xerais do presente curso, pois moitos dos obxectivos e contidos están interrelacionados entre si e o traballo específico sobre calquera deles tamén inflúe no nivel de consecución dos demais. Así pois, no momento no que o alumno ou alumna supere ao longo do presente curso cada un dos obxectivos mínimos esixidos na avaliación ou avaliacións parciais que tivera pendentes, estas consideraranse superadas.

Para os alumnos que teñan a materia pendente do curso anterior realizarase un plan de traballo mais específico baseado na programación didáctica da materia e nos puntos que necesiten de unha mais grande mellora por parte do alumno ou alumna, e que poderá constar de novas actividades e/ou recursos complementarios, que axuden a reforzar ditos aspectos. Dadas as peculiaridades da aprendizaxe instrumental, o feito





de centrarnos nos aspectos non superados en cursos anteriores non ten por que supor unha desviación dos obxectivos xerais do presente curso, pois moitos dos obxectivos e contidos están interrelacionados entre si e o traballo específico sobre calquera deles tamén inflúe no nivel de consecución dos demais. No momento no que o/a alumno/a supere cada un dos obxectivos mínimos esixidos para o curso que figure como pendente, poderase considerar superado o curso pendente correspondente.

### Procedementos de avaliación nos casos en que a avaliación continua non é posible

Como se indica anteriormente, o procedemento xeral de avaliación é o da **avaliación continua** pero, se o profesor/a da materia considera que non ten os datos necesarios para avaliar a algún alumno/a de xeito continuo por mor das faltas de asistencia reiteradas, deberá convocalo para unha única proba (que poderá ter varias partes), de carácter escrita, oral ou instrumental, en función da materia, na semana de exames previa a todas as sesións de avaliación. Neste caso o alumno ou alumna será convocado para dita proba cunha semana de antelación, alomenos .

Será o criterio do profesor ou profesora o que determine si un alumno/a non pode ser avaliado seguindo os procedementos ordinarios da avaliación continua pero, en todo caso, o número de ausencias do alumno/a deberá ser superior ao 50% das sesións de clase do trimestre.

A proba consistirá no seguinte:

- Interpretación da obra programada para o trimestre
- Catro estudos dos programados no trimestre (dous a elección do alumno e outros dous elixidos polo profesor/a)
- Lectura a primeira vista dun fragmento musical coas dificultades técnicas apropiadas ao curso actual.
- As escalas e arpejos programados no trimestre





Os criterios de cualificación de dita proba serán os seguintes:

- 20% interpretar a obra de acordo cos criterios do estilo correspondente.
- 20% Amosar a calidade técnica necesaria para a interpretación da obra.
- 30% Amosar a calidade técnica suficiente para a interpretación dos estudos.
- 5% Amosar unha facilidade de lectura acorde ao nivel na proba de primeira vista.
- 25% Amosar no conxunto da proba un son, control da afinación, dominio do rexistro agudo, flexibilidade e dinámicas adecuados ao curso no que estea matriculado o alumno/a.

A cualificación da materia será a obtida na proba, e non asistencia á proba será cualificada coa nota mínima (1) por parte do profesor/a da materia na sesión de avaliación correspondente.

### **Probas extraordinarias**

Esta proba realizarana as/os alumnas/os que non teñan superados os contidos mínimos ao remate das clases ordinarias. O alumno deberá interpretar un número mínimo de 6 estudos determinados polo profesor entre tódolos sinalados na programación, as escalas e arpejos indicados na programación así coma dúas obras das indicadas tamén para o curso.

Os criterios de cualificación de dita proba serán os seguintes:

- 20% Interpretar a obra de acordo cos criterios do estilo correspondente.
- 20% Amosar a calidade técnica necesaria para a interpretación da obra.
- 30% Amosar a calidade técnica suficiente para a interpretación dos estudos.
- 30% Amosar no conxunto da proba un son, control da afinación, dominio do rexistro agudo, flexibilidade e dinámicas adecuados ao curso no que estea matriculado o alumno/a.





A non asistencia á proba será cualificada coa nota mínima (1) por parte do profesor/a da materia na sesión de avaliación correspondente.

## 15.5 Recursos didácticos

Recursos de aula: mesa, cadeiras suficientes, útiles de escritura, lousa con pentagramas, atrís suficientes, metrónomo, afinador, equipo de música, espello de corpo enteiro, piano acústico, os instrumentos de metal precisos para o bo desenvolvemento das clases e un armario-andel para podelos gardar.

Recursos do centro: minidisc, cámara de vídeo, reprodutor de vídeo, internet... os cales se precisarán nalgúns momentos puntuais.

Biblioteca de aula cos libros de estudo, exercicios e obras necesarias.

Cada alumno achegará o seu instrumento e accesorios de limpeza.

Será obrigatorio o uso de material pedagóxico orixinal (traballos, estudos e métodos) por parte do alumnado.

### Listado orientador de obras e libros a utilizar no 6º curso do grao profesional:

**Recórdase a necesidade de empregar material orixinal de métodos, estudos e obras.**

#### **Métodos:**

Lip Slurs .....	B Edward
Flexibility .....	C. Colin
Método de escalas Vol 2 .....	B. Slokar
Range Songs .....	D. Vining
12 Fantasías .....	G. P. Telemann
Etudes varies Vol. 8 .....	J. Naulais
Études Variées Vol. 5 .....	J. Naulais
Sight-Reading Test .....	ABRSM
Melodious Etudes .....	M. Bordogni
Probespiel test pieces for trombone .....	Edition Peters





**Obras con acompañamento de piano:**

Fantasia Eslava .....	C. Höhne
Concerto en Eb M .....	J. Haydn
Concerto en Eb .....	J. N. Hummel
Concertpiece Opus 11 & 12 .....	V. Brandt
Sonata .....	P. Hindemith
Sonatina .....	J. Françaix
Intrada .....	A. Honegger
Suite en Re .....	G. F. Händel
Concerto en Eb .....	J.B.G. Neruda
Cascades .....	A. Vizzutti
Solus .....	S. Friedman
Concerto .....	O. Bohme
Rustiques .....	E. Bozza
Requiebros (fliscorno e piano) .....	Antonio Fonet
Pieza de concurso .....	G. Ballay
Rhapsodie .....	E. Bozza

**Obras:**

Sonata .....	E. Ewazen
Sonata nº5 .....	A. Vivaldi
Cantabile et Caprice .....	D. Dondeyne
Fantaisie .....	S. Stojowski
Concertino .....	L. E. Larsson
Three Miniatures .....	A. Plog
Concertino .....	F. David
Concertino .....	V. Smita
Morceau Symphonique .....	Gaubert.







Sonatina ..... Serocki  
 Concerto ..... G. Grafe  
 Obras de nivel semellante ás anteriores.

**Obras trombón solo**

Carisero Cardo, para servirle ..... E. Diago  
 Entrada ..... A. Lewi-Richter  
 Elegy for Mippy ..... L. Bernstein  
 Are you ready? ..... J. Escribano  
 Los ratones ..... R. Oteos

**Obras Trombón Baixo:**

Concerto in one Movement .....A. Lebedev  
 Sonata in F Major ..... G. F. Handel  
 Allegro Maestoso ..... J. Koetsier  
 Carrillon et Bourdon ..... E. Bigot  
 Obras de nivel semellante ás anteriores.

**Temporalización:**

**Primeira avaliación:**

- Lip Slurs BRAD EDWARDS
- Flexibility (segunda parte) C. Colin
- Range Songs (Sib-Si-Do) D. Vining
- Études Variées Vol. 5 (9-11) J. Naulais
- Sight-Reading Test (4 estudos) ABRSM
- Estudo dos extracto orquestais: 3º Sinfonía de G. Mahler, Pájaro de fuego de I. Stravinsky. Lohengrin de R. Wagner y Metamorfosis de P. Hindemith.





- Estudo e interpretación dunha obra a escoller entre as do curso.
- Estudo e interpretación dunha obra para trombón solo entre as do curso.

### Segunda avaliación:

- 12 Fantasías III G. P. Telemann
- Sight-Reading Test (4 estudos) ABRSM
- Estudo e interpretación da obra Concertino de F. David ou dunha obra de dificultade similar.

### Terceira avaliación:

Preparación do programa de recital de fin de curso. O recital constará de polo menos tres obras, estudos ou pezas de diferentes estilos. A duración aproximada do recital será de 30 minutos.

## 15.6 Adaptación en caso de docencia non presencial

Debido á crise sanitaria provocada polo COVID-19 cabe a posibilidade de que nalgún momento do curso a clase teña que ser non presencial si así o ditaminan as autoridades sanitarias e educativas. Neste caso os medios a empregar para o seguimento das clases serán gravacións do alumnado ou ben clases en rede cas plataformas e medios técnicos que permitan as autoridades educativas.

Dadas as características da ensinanza dos instrumentos de vento metal e a experiencia obtida durante o confinamento no terceiro trimestre do curso 19-20, os obxectivos, contidos e criterios de avaliación non variarán respecto á docencia presencial. As audicións en público pasan a ser *on line* co profesor ou gravacións do alumnado. Estas gravacións serán sen cortes si son de un só movemento, ou podendo ter cortes entre os diferentes movementos de ser o caso.

Sí se modifican os criterios de cualificación quedando como segue:





20%- Estudo individual e interpretación correcta das obras programadas

30%- Estudo individual e interpretación correcta dos estudos programados

20%- Actitude e compromiso fronte á materia.

30%- Técnica (posición corporal, control do rexistro agudo, flexibilidade, control da columna de aire, ... )

No caso de que nun trimestre se den clases presenciais e non presenciais, a cualificación será ponderada segundo o número de clases habidas en cada modalidade.

## **16. Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica**

---

Procederáse á valoración da programación didáctica despois de cada avaliación, tendo en conta as cualificacións e o análise detallado de tódolos obxectivos e contidos incluídos. Así mesmo, levarase a cabo un seguimento mensual sobre o cumprimento da programación. Ao final de cada curso revisarase a consecución dos obxectivos baseándose no traballo por parte do alumno. Os procedementos de avaliación a utilizar serán os seguintes:

**Avaliación diagnóstica inicial:** nas primeiras clases farase un control do nivel que trae o alumno do curso anterior.

**Avaliación continua ou de progreso:** ó longo do curso farase uso das actividades e criterios de avaliación para comprobar a evolución do alumno.

**Avaliacións trimestral e final:** ó final de cada trimestre e do curso realizarase algunhas das actividades de avaliación previstas na programación para comprobar o nivel acadado polo alumno.





## 17. Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento

---

Os integrantes do departamento estarán atentos ao grao de cumprimento das respectivas programacións didácticas, así como da evolución de cada un dos alumnos e alumnas que cursan as materias impartidas. Nas reunións departamentais teranse en conta os indicadores de calidade de ensinanza, que marcarán as seguintes actuacións:

- Grao de cumprimento da programación didáctica
- Nivel de participación e asistencia ás clases
- Relación de resultados cuantitativos obtidos a curto prazo
- Número de actividades postas en marcha
- Valoración positiva por parte do profesor
- Grao de eficacia das actividades deseñadas.

En vistas dos resultados obtidos, cada certo tempo pódense prever actuacións escolares e extraescolares específicas que fomenten a consecución de obxectivos marcados polas programacións. A este efecto pódense ofertar clases de apoio educativo, así como clases de apoio ao estudo que reforcen certos aspectos que demande o alumnado. Despois de cada avaliación trimestral realizaranse estudos de porcentaxes de resultado, sometendo a debate a posibles liñas de actuación, así como a posibilidade de ofrecer métodos de recuperación alternativos. Ao remate do curso realizarase unha memoria final na que se faga unha reflexión profunda sobre o grao de cumprimento da programación, así como as actuacións que foron ou que serán precisas para o futuro para o correcto funcionamento do departamento. Adxuntaranse igualmente as porcentaxes de resultados por materias e a relación de actividades paralelas desenvolvidas.

En canto a autoavaliación do departamento:

- a) Reparto de enquisas entre o alumnado con cuestión coma o seu nivel de satisfacción coa materia e o seu nivel de comprensión da mesma.





b) Estadísticas comparativas dos resultados entre diferentes alumnos, incluíndo distintos anos e profesores.

En base ós resultados destas actividades, implementaranse as medidas correctoras oportunas.

## 18. ANEXOS

### 18.1 Probas de acceso 1º de grao profesional

Para a proba de acceso a Grao Profesional o aspirante deberá interpretar 3 obras de diferentes estilos con acompañamento de piano se o precisa, habéndose de executar de memoria unha delas. O interesado terá que levar as partituras orixinais e aportar 3 copias de cada unha para o tribunal. No exame interpretaranse obras elixidas polo aspirante segundo a relación exposta, ou dunha dificultade semellante a estas:

#### Obras orientativas:

Cantilena .....	G. F. Handel
Trombonaria .....	J. Brouquieres
Caprice Medieval .....	J. Barat
Colneford suite .....	A. Bullard
Jadis .....	J. Naulais
Thème de Concours .....	R. Clérisse
Reverie et Balade .....	R. Mignon
Romance sentimentale .....	L. Niverd
Tourne-sol .....	J. Naulais
Très sympa .....	J. Naulais

#### Contidos

Dominio da respiración e emprego dun volume de aire axeitado.

Calidade no son e igualdade sonora nos diferentes rexistros.

Control da afinación.





Dominio da coordinación e as principais articulacións (picado, legato e flexibilidade).

Dominio do rexistro ata o Sol 4.

Execución correcta das indicacións dinámicas e agónicas mostrando conciencia dos conceptos de fraseo e interpretación.

### **Criterios de avaliación e cualificación**

Facer bo uso da respiración e empregar volume de aire á hora de tocar (15% da nota).

Amosar un son de calidade e exhibir igualdade sonora nos diferentes rexistros (20% da nota).

Controlar a afinación (20% da nota).

Dominar a coordinación e as principais articulacións (picado, legato e flexibilidade) (15% da nota).

Demostrar control do rexistro ata o Fa 4 (10% da nota).

Demostrar dominio da memoria interpretando pezas sin partitura (10% da nota)

Respectar as indicacións dinámicas e agónicas mostrando conciencia dos conceptos de fraseo e interpretación (10% da nota).

## **18.2 Probas de acceso a outros cursos**

### **18.2.1 Acceso a 2º do grao elemental**

Para a proba de acceso a 2º de Grao Elemental o aspirante deberá interpretar 3 obras con acompañamento de piano se o precisa, aportando 3 copias de cada unha para o tribunal. Ademais haberá de ler un fragmento musical a primeira vista. . As pezas propostas son as seguintes:

CurtainRaiser (do libro Bravo! Trombone) ..... C. Barrat  
 Fanfare (do libro Bravo! Trombone) ..... C. Barrat  
 Pour la Promotion ..... W. van Dorsselaer





## Contidos

- Dominio da respiración e emprego dun volume de aire axeitado.
- Calidade no son e igualdade sonora nos diferentes rexistros.
- Control da afinación.
- Dominio da coordinación e a principal articulación (picado).
- Dominio do rexistro nos seus 3 principais harmónicos (Sib 2, Fa 2 e Sib 3).
- Domino da lectura a primeira vista.
- Execución correcta das indicacións dinámicas e agónicas.

## Criterios de avaliación e cualificación

- Facer bo uso da respiración e empregar volume de aire á hora de tocar (20% da nota).
- Amosar un son de calidade e exhibir igualdade sonora nos diferentes rexistros (15% da nota).
- Controlar a afinación (15% da nota).
- Dominar a coordinación e a principal articulación (picado) (15% da nota).
- Demostrar control do rexistro nos 3 principais harmónicos (15% da nota).
- Mostrar fluidez na lectura a vista (10% da nota).
- Respectar as indicacións dinámicas e agónicas (10% da nota).

### 18.2.2 Acceso a 3º do grao elemental.

Para a proba de acceso a 3º de Grao Elemental o aspirante deberá interpretar 3 obras con acompañamento de piano se o precisa, aportando 3 copias de cada unha para o tribunal. Ademais haberá de ler un fragmento musical a primeira vista. As pezas propostas son as seguintes:

- Si J'Étais... Monteverdi ..... S. Lancen
- Sarabande ..... H. Gagnebin
- Le GrandDuc ..... W. van Dorselaer





## Contidos

Dominio da respiración e emprego dun volume de aire axeitado.

Calidade no son e igualdade sonora nos diferentes rexistros.

Control da afinación.

Dominio da coordinación e as principais articulacións (picado e legato).

Dominio do rexistro ata o Re 4.

Domino da lectura a primeira vista.

Execución correcta das indicacións dinámicas e agónicas.

## Criterios de avaliación e cualificación

Facer bo uso da respiración e empregar volume de aire á hora de tocar (20% da nota).

Amosar un son de calidade e exhibir igualdade sonora nos diferentes rexistros (15% da nota).

Controlar a afinación (15% da nota).

Dominar a coordinación e as principais articulacións (picado e legato) (15% da nota).

Demostrar control do rexistro ata o Re 4 (15% da nota).

Mostrar fluidez na lectura a vista (10% da nota).

Respectar as indicacións dinámicas e agónicas (10% da nota).

### 18.2.3 Acceso a 4º do grao elemental.

Para a proba de acceso a 4º de Grao Elemental o aspirante deberá interpretar 3 obras con acompañamento de piano se o precisa, aportando 3 copias de cada unha para o tribunal. Ademais haberá de ler un fragmento musical a primeira vista. . As pezas propostas son as seguintes:

Aria (Bist du Bei Mir) ..... J.S. Bach  
 Deux ans Dejà ..... M. Galieue / J. Naulais  
 Introduction et Allegro Marcial ..... W. van Dorsseleer







## Contidos

Dominio da respiración e emprego dun volume de aire axeitado.

Calidade no son e igualdade sonora nos diferentes rexistros.

Control da afinación.

Dominio da coordinación e as principais articulacións (picado e legato).

Dominio do rexistro ata o Fa 4.

Domino da lectura a primeira vista.

Execución correcta das indicacións dinámicas e agónicas.

## Criterios de avaliación e cualificación

Facer bo uso da respiración e empregar volume de aire á hora de tocar (20% da nota).

Amosar un son de calidade e exhibir igualdade sonora nos diferentes rexistros (15% da nota).

Controlar a afinación (15% da nota).

Dominar a coordinación e as principais articulacións (picado e legato) (15% da nota).

Demostrar control do rexistro ata o Fa 4 (15% da nota).

Mostrar fluidez na lectura a vista (10% da nota).

Respectar as indicacións dinámicas e agónicas (10% da nota).

### 18.2.4 Acceso a 2º do grao profesional.

Para a proba de acceso a 2º Grao Profesional o aspirante deberá interpretar 3 obras de diferentes estilos con acompañamento de piano se o precisa, habéndose de executar de memoria unha delas. O interesado terá que levar as partituras orixinais e aportar 3 copias de cada unha para o tribunal. As pezas propostas son as seguintes:

Sonata nº1 .....	J. E. Galliard
Honor and Arms .....	G. F. Handel
Concertino Basso .....	R. Lieb





## Contidos

Dominio da respiración e emprego dun volume de aire axeitado.

Calidade no son e igualdade sonora nos diferentes rexistros.

Control da afinación.

Dominio da coordinación e as principais articulacións (picado e legato).

Dominio do rexistro ata o Lab 4.

Execución correcta das indicacións dinámicas e agónicas mostrando conciencia dos conceptos de fraseo e interpretación.

## Criterios de avaliación e cualificación

Facer bo uso da respiración e empregar volume de aire á hora de tocar (15% da nota).

Amosar un son de calidade e exhibir igualdade sonora nos diferentes rexistros (20% da nota).

Controlar a afinación (20% da nota).

Dominar a coordinación e as principais articulacións (picado, legato e flexibilidade) (15% da nota).

Demostrar control do rexistro ata o Sol4 (10% da nota).

Demostrar dominio da memoria interpretando pezas sin partitura (10% da nota)

Respectar as indicacións dinámicas e agónicas mostrando conciencia dos conceptos de fraseo e interpretación (10% da nota).

### 18.2.5 Acceso a 3º do grao profesional.

Para a proba de acceso a 3º de Grao Profesional o aspirante deberá interpretar 3 obras de diferentes estilos con acompañamento de piano se o precisa, habéndose de executar de memoria unha delas. O interesado terá que levar as partituras orixinais e aportar 3 copias de cada unha para o tribunal. As pezas propostas son as seguintes:

Sonata nº 4 ou nº 5 ..... J. E. Galliard  
 Romance ..... V. Ewald





Sonata ..... G. Jacob

### **Contidos**

Dominio da respiración e emprego dun volume de aire axeitado.

Calidade no son e igualdade sonora nos diferentes rexistros.

Control da afinación.

Dominio da coordinación e as principais articulacións (picado e legato).

Dominio do rexistro ata o La 4.

Execución correcta das indicacións dinámicas e agónicas incorporando os conceptos de fraseo e interpretación.

### **Criterios de avaliación e cualificación**

Facer bo uso da respiración e empregar volume de aire á hora de tocar (15% da nota).

Amosar un son de calidade e exhibir igualdade sonora nos diferentes rexistros (20% da nota).

Controlar a afinación (20% da nota).

Dominar a coordinación e as principais articulacións (picado, legato e flexibilidade) (15% da nota).

Demostrar control do rexistro ata o La 4 (10% da nota).

Demostrar dominio da memoria interpretando pezas sin partitura (10% da nota)

Respectar as indicacións dinámicas e agónicas mostrando conciencia dos conceptos de fraseo e interpretación (10% da nota).

#### **18.2.6 Acceso a 4º do grao profesional.**

Para a proba de acceso a 4º de Grao Profesional o aspirante deberá interpretar 3 obras de diferentes estilos con acompañamento de piano se o precisa, habéndose de executar de memoria unha delas. O interesado terá que levar as partituras orixinais e aportar 3 copias de cada unha para o tribunal. As pezas propostas son as seguintes:





Sonata nº 2 ou nº 6 .....	J. E. Galliard
Romance .....	A. Jorgensen
Concertpiece .....	H. Busser

### Contidos

Dominio da respiración e emprego dun volume de aire axeitado.

Calidade no son e igualdade sonora nos diferentes rexistros.

Control da afinación.

Dominio da coordinación e as principais articulacións (picado e legato).

Dominio do rexistro ata o Si b 4.

Execución correcta das indicacións dinámicas e agónicas incorporando os conceptos de fraseo e interpretación.

### Criterios de avaliación e cualificación

Facer bo uso da respiración e empregar volume de aire á hora de tocar (15% da nota).

Amosar un son de calidade e exhibir igualdade sonora nos diferentes rexistros (20% da nota).

Controlar a afinación (20% da nota).

Dominar a coordinación e as principais articulacións (picado, legato e flexibilidade) (15% da nota).

Demostrar control do rexistro ata o Si 4 (10% da nota).

Demostrar dominio da memoria interpretando pezas sin partitura (10% da nota)

Respectar as indicacións dinámicas e agónicas mostrando conciencia dos conceptos de fraseo e interpretación (10% da nota).

#### 18.2.7 Acceso a 5º do grao profesional.

Para a proba de acceso a 5º de Grao Profesional o aspirante deberá interpretar 3 obras de diferentes estilos con acompañamento de piano se o precisa, habéndose de





executar de memoria unha delas. O interesado terá que levar as partituras orixinais e aportar 3 copias de cada unha para o tribunal. As pezas propostas son as seguintes:

Sonata La m ..... B. Marcello  
Romance ..... C. M. Von Weber  
Sonatina ..... B. Kelly

### Contidos

Dominio da respiración e emprego dun volume de aire axeitado.

Calidade no son e igualdade sonora nos diferentes rexistros.

Control da afinación.

Dominio da coordinación e as principais articulacións (picado e legato).

Dominio do rexistro ata o Si 4.

Execución correcta das indicacións dinámicas e agónicas incorporando os conceptos de fraseo e interpretación.

### Criterios de avaliación e cualificación

Facer bo uso da respiración e empregar volume de aire á hora de tocar (15% da nota).

Amosar un son de calidade e exhibir igualdade sonora nos diferentes rexistros (20% da nota).

Controlar a afinación (20% da nota).

Dominar a coordinación e as principais articulacións (picado, legato e flexibilidade) (15% da nota).

Demostrar control do rexistro ata o Do 4 (10% da nota).

Demostrar dominio da memoria interpretando pezas sin partitura (10% da nota)

Respectar as indicacións dinámicas e agónicas mostrando conciencia dos conceptos de fraseo e interpretación (10% da nota).





### 18.2.8 Acceso a 6º do grao profesional.

Para a proba de acceso a 6º de Grao Profesional o aspirante deberá interpretar 3 obras de diferentes estilos con acompañamento de piano se o precisa, habéndose de executar de memoria unha delas. O interesado terá que levar as partituras orixinais e aportar 3 copias de cada unha para o tribunal. As pezas propostas son as seguintes:

Sonata nº 1 .....	A. Vivaldi
Morceau Symphonique .....	A. Guilmant
Sonata .....	S. Sulek

#### Contidos

Dominio da respiración e emprego dun volume de aire axeitado.

Calidade no son e igualdade sonora nos diferentes rexistros.

Control da afinación.

Dominio da coordinación e as principais articulacións (picado e legato).

Dominio do rexistro ata o Do 4.

Execución correcta das indicacións dinámicas e agónicas mostrando madurez nos conceptos de fraseo e interpretación.

#### Criterios de avaliación e cualificación

Facer bo uso da respiración e empregar volume de aire á hora de tocar (15% da nota).

Amosar un son de calidade e exhibir igualdade sonora nos diferentes rexistros (20% da nota).

Controlar a afinación (20% da nota).

Dominar a coordinación e as principais articulacións (picado, legato e flexibilidade) (15% da nota).

Demostrar control do rexistro ata o Do 5 (10% da nota).

Demostrar dominio da memoria interpretando pezas sin partitura (10% da nota)





Respectar as indicacións dinámicas e agóxicas mostrando conciencia dos conceptos de fraseo e interpretación (10% da nota).

## 18.3 Rúbricas

### 18.3.1 Rúbricas acceso a 2º, 3º e 4º do grao elemental

	NON O SUFICIENTE (0 a 4,9)	SUFICIENTE (5 a 6,9)	BEN (7 a 8,9)	MOI BEN (9 a 10)	CUALIFICACIÓN PONDERADA
Facer bo uso da respiración e empregar volume de aire á hora de tocar (20% da nota).					x 0,20=
Amosar un son de calidade e exhibir igualdade sonora nos diferentes rexistros (15% da nota).					x 0,15=
Controlar a afinación (15% da nota)					x 0,15=
Dominar a coordinación e a principal articulación (picado) (15% da nota).					x 0,15=
Demostrar control do rexistro nos 3 principais harmónicos (15% da nota).					x 0,15=
Mostrar fluidez na lectura a vista (10% da nota).					x 0,10=
Respectar as indicacións dinámicas e agóxicas (10% da nota).					x 0,10=

Observacións: As porcentaxes de cada apartado resultan de aplicar os criterios de cualificación reflectidos na programación de trombón

**CUALIFICACIÓN FINAL:**





### 18.3.2 Rúbricas para todos os curso do grao profesional

	NON O SUFICIENTE (0 a 4,9)	SUFICIENTE (5 a 6,9)	BEN (7 a 8,9)	MOI BEN (9 a 10)	CUALIFICACIÓN PONDERADA
Facer bo uso da respiración e empregar volume de aire á hora de tocar (15% da nota).					x 0,15=
Amosar un son de calidade e exhibir igualdade sonora nos diferentes rexistros (20% da nota).					x 0,20=
Controlar a afinación (20% da nota)					x 0,20=
Dominar a coordinación e as principais articulacións (picado legato e flexibilidade (15% da nota).					x 0,15=
Demostrar control do rexistro ata o Do 5 (10% da nota).					x 0,10=
Demostrar dominio da memoria interpretando pezas sin partitura (10% da nota)					x 0,10=
Respectar as indicacións dinámicas e agónicas mostrando conciencia dos conceptos de fraseo e interpretación (10% da nota).					x 0,10=

Observacións: As porcentaxes de cada apartado resultan de aplicar os criterios de cualificación reflectidos na programación de trombón

**CUALIFICACIÓN FINAL:** \_\_\_\_\_

### 18.4 Criterios para a obtención dos premios fin de grao

Segundo a Orde do 10 de marzo de 2009, polo que se regula o procedemento para a obtención de matrícula de honor e premio de fin de grao para as ensinanzas de música







e danza, o premio fin de grao concederáse ao alumnado que cumpra os dous seguintes requisitos:

- Rematar os estudos profesionais de música cunha cualificación media de 8, polo menos, no último curso.
- Superar a proba anual correspondente ao final do curso, que deberá ser de carácter práctico e será valorada por un tribunal constituído para tal fin.

Os criterios valorativos para a obtención do premio fin de grao establecidos pola Comisión de Coordinación Pedagóxica do centro son comúns para todas as especialidades, pódense consultar no centro ou na súa páxina web.

**\* Notas á Programación:**

1. A programación proposta en canto a métodos e obras será complementada cunha serie de exercicios de técnica para reforzar a técnica base. Estarán compostos principalmente por exercicios de posición fixa, de diferentes articulacións, de glissandos e de rexistro grave, extraéndose algúns deles dos métodos de B. Slokar, M. Badía, H. Clark e R. Müller.

Ademais, os concertos establecidos para cada curso non serán inamovibles, podendo ser substituídos por outros de nivel parello se así o estima o profesor.

Tamén poderán interpretarse en probas de acceso obras diferentes ás propostas, sendo válidas sempre que teñan un nivel similar ás estipuladas.

En canto á programación establecida de leccións, a orde destas non terá por qué ser lineal, e tamén poderase cambiar algunha delas por outra se o profesor o cree oportuno.

